



O home é á vez obra e artífice do medio que o rodea,
o cal lle dá o sustento material e
bríndalle a oportunidade de desenvolverse intelectual, moral,
social e espiritualmente.

Na longa e tortuosa evolución da raza humana neste planeta chegouse a unha etapa en que, grazas á rápida aceleración da ciencia e a tecnoloxía, o home adquiriu o poder de transformar, de innumerables maneiras e nunha escala sen precedentes, canto o rodea.

As Nacións Unidas, conscientes de que a protección e o mellora do medio humano é unha cuestión fundamental que afecta ó benestar dos pobos e ó desenvolvemento económico do mundo enteiro, designaron o

5 de xuño Día Mundial do Medio Ambiente

Cada ano, o Día Mundial do Medio Ambiente organízase en torno a un tema e serve para centrar a atención nunha cuestión particular apremiante.

Este ano 2019:

"Contaminación do aire"

Coa elección deste tema, China, o organizador do Día Mundial do Medio Ambiente deste ano, convídanos a considerar os cambios que podemos facer no noso día a día para reducir a contaminación do aire que xeramos na nosa vida cotiá.

O obxectivo é, nin máis nin menos, que eliminar de forma progresiva a nosa contribución individual ó quecemento global e, deste xeito, deter os seus perniciosos efectos na nosa saúde, e a do planeta.